



HABÍA UN TEMPO.....

xandra táboas martínez

HABÍA UN TEMPO.....

xandra táboas martínez
- gravidade 0.0 -
636631966
@gravidade0.0
gravidade.escena.0.0@gmail.com



Había un tempo no que as voces se silenciaban, adormecían nunha pétrea ollada cara dentro das casas.

Había un tempo no que os corpos doridos mexían entre sacos sucios e humidades grises intramuros.

Había un tempo no que falar era un risco que case ninguén se atrevía a desobedecer, berrando a boca pechada nunha afonía xeneralizada.

Había un tempo no que as mulleres eran rapadas e expostas núas nas prazas, camiñando en fila de a unha como indíxenas despatriadas.

Había un tempo eternamente negro, inmenso o soño dun despertar incerto. Un frío de inverno, onde a primavera conxelaba os anhelos dunha esperanza no que as sementes creceran libres entre a herba mollada.

Había un tempo no que os montes albergaban a resistencia dun pobo que se negaba á morte, ó silencio imposto, ó rezo metódico dun réxime de aceiro.

Había un tempo no que bibliotecas enteiras ardían, os corpos en fileira xacían baixo terra e cal.

Había un tempo, si, onde o medo se pousaba nas costas, o peso da roupa mollada sostido derriba da cabeza, o camiñar espeso, os pés descalzos, as roupas roídas e a fame agochada baixo pan negro.

Había un tempo, había, dunha España unida a forza de metralla.

Había un tempo... había.

A liberdade encadeada.
Un martelar oco dentro do armario.
Un berro alá no fondo intenso.
Saraiva nos beizos.
Unha peixeira a desbordar de auga e terra, afoga.
500 veces España Arriba nunha parede chea de gretas.
As gretas, inmensas, desangran as veas.
Un paso rexo de botas militares.
Balas que sucun mares e cortan ventos.
A lingua tatuada en fío negro.
Noticias revoltas, ansiosa, nas ondas da radio.
O son dun piano, desarticulado.

Podería cantar alegre un himno presente.
Podería esquecer a brea nos dentes.
Podería non uliscar as pegadas que deixas.
Podería pechar ollos e ouvidos, camiñar cara adiante sen destino.
Podería crer que todo xa pasou e nada permanece.
Podería calar as voces que berran xustiza baixo lousa inmensa.
Podería dar a man sen rencor.
Podería espertar ó alba nun brillo intenso de azul e verde mar en calma.
Podería abrazar sabas e durmir impasiblemente.
Podería, si, moitas cousas, podería...

Mais...

Prefiro berrar, prefiro espertar a raiba, rachar papeis mollados en falsa tinta e varrer a casa.
Prefiro, si, prefiro a amnistía para o meu pobo.

Unha serea fala no fondo do horizonte, vermello. Conta historias de navegantes que resistiron tormentas. Canta verbas nunca escoitadas, de liberdades ancoradas nas rochas que baten mareas. Unha serea que non se deixar non ser. Unha serea férrea que non se deixa dominar. Unha serea que murmura ó ouvido: loita, loita, loita... Unha serea que non esquece aldraxes, que non se detén ante nada nin ninguén. Unha serea de cabelos revoltos e ollar firme. Unha serea, unha serea...

Cantos máis anos agardar? Agardar o berce que traia xustiza, que traia a verdade baixo o brazo.
Cantos máis anos, dime, cantos máis anos, cantos...

Cantos máis anos en silencio? Un silencio que fala de que os tempos non son pasados. O tempo
está aquí, na agulla do reloxos marcando as 12h, fronte a ti, parada.
Cantos máis anos, dime, cantos máis anos, cantos...

Cantos máis anos vai durar a farsa?
Cantos máis anos, dime, cantos máis anos, cantos...

Transitar. Transito. Transitas. Transita. Transitamos. Transitades. Transitan.

NOTA DE PRENSA: Seguimos en guerra.

